



III TROFEO ATLETISMO BARBANZA - LETRAS GALEGAS

ESTADIO DA ALTA – A POBRA DO CARAMIÑAL

8 XUÑO 2018

A Asociación de Atletismo e Deportes do Barbanza e o Concello da Pobra do Caramiñal, co control técnico do Comité Galego de Xuices da FGA, organizarán o III Trofeo de Atletismo Barbanza co seguinte:

REGULAMENTO:

- En categorías menores (Benxamín, Alevín e Infantil) permítese a participación con licenza federativa, así como a de Xogade.
- Os atletas de categoría prebenxamín que desexen participar deberán remitir a súa inscrición (nome, apelidos, data de nacemento e equipo) ao em@il santiago@atletismo.gal antes do mércores 6 de xuño ás 22 horas da noite.

MARCAS MÍNIMAS EN CONCURSOS:

- En xavelina, mínima: masculina en 45 m. e feminina en 30 m.
- En salto de lonxitude, mínima: masculina en 5.20 m. e feminina en 4.50 m.
- En peso, mínima: masculina superior a 10 m e feminina superior a 8 m.

EN TODOS OS CONCURSOS HABERÁ POSIBILIDADE DE REPESCAR ATA 12 ATLETAS POR PROBA SE NON SE COMPLETA O CONCURSO.

PREMIOS:

- En categorías menores (Benxamín, Alevín e Infantil) medallas as/aos tres primeiros/as clasificados/as por proba e categoría.
- No resto das probas trofeo a/ao primeiro/a clasificado/a en cada proba tanto masculina como feminina independentemente da súa categoría.

PROGRAMA DE PROBAS:

| CARREIRAS | HORA | CONCURSOS |
|---------------------------------------|--------------|---|
| 50 m.l. Prebenxamín | 18.00 | Lonxitude Prebenxamín (2 intentos) |
| 50 m.l. Benxamín Fem. (Sub 10) | 18.10 | |
| 50 m.l. Benxamín Masc. (Sub 10) | 18.20 | |
| 60 m.l. Alevín Fem. (Sub 12) | 18.30 | |
| 60 m.l. Alevín Masc. (Sub 12) | 18.40 | Xavelina mixta Alevín/Infantil Fem. e Masc. |
| 80 m.l. Infantil Fem. (Sub 14) | 18.50 | |
| 80 m.l. Infantil Masc. (Sub 14) | 19.00 | |
| 100 m.l. Fem. (Absoluto) | 19.20 | |
| 100 m.l. Masc. (Absoluto) | 19.30 | PESO Absoluto. Mixto Mín. fem.: + 8 m. //Mín. masc.: + 10 m |
| 400 m.l. Fem. (Absoluto) | 19.50 | |
| 400 m.l. Masc. (Absoluto) | 20.05 | |
| | 20.10 | *Lonxitude Absoluta. Mixta (Cad e sup) Mín. fem.: 4'50m. //Mín. masc.:5'20m *Xavelina Masc. e Fem. Absoluta (Cad e sup) (mínima: masculina en 50 m. e feminina en 35 m.) |
| 300 m.l. Masc. Cadete Fem. (Sub 16) | 20.20 | |
| 300 m.l. Masc. Cadete Masc.. (Sub 16) | 20.35 | |
| 200 m.l. Feminino (Absoluto) | 20.50 | |
| 200 m.l. Masculino (Absoluto) | 21.05 | |
| 800 m.l. Masculino (Absoluto) | 21.15 | |

*Nos concursos absolutos (lonxitude mixta, xavelina mixta e Peso mixto) todos/as os/as atletas teñen dereito a catro intentos e os catro mellores atletas masculinos e as mellores catro atletas femininos teñen dereito a dous intentos máis, sen influir a categoría de cada un deles.